



**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR-CURSO 2024-25**

**MODALIDADES:**

- **FONDO SOLIDARIO:** Para alumnado que no vindeiro curso esté matriculado en 3º e 4º de E. Primaria.  
O alumnado de 5º e 6º de Primaria, ao estar acollidos ao programa E-dixgal, non terán libros de texto.  
**O alumnado que vaia facer 1º de ESO tamén se acollerá a esta modalidade e deberá tramitalo no instituto.**
- **AXUDA PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:** Para alumnado que no vindeiro curso esté matriculado en 1º e 2º de Primaria.
- **AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:** Para alumnado que no vindeiro curso esté matriculado en toda a E. Primaria ou Secundaria.

**CONTÍA DAS AXUDAS:**

- **FONDO SOLIDARIO:** Non terá cuantía económica. Prestaráselle os libros existentes no banco de libros do Centro nun número deles en función das existencias no centro e do nivel de renda da familia.
- **AXUDA PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:** 240 e 160 euros segundo o nivel de renda per cápita.
- **AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:** 75 e 60 euros segundo o nivel de renda per cápita.

**REQUISITOS:**

- **FONDO SOLIDARIO:** Ter devolto os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2023-24 ou do fondo de libros do colexio, de ser o caso, **antes do 21 de Xuño.**
- **AXUDA PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:**
  - Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 Euros (Renda do 2022).
    - *Renda per cápita = Renda familiar (recadro 435+460) dividido entre o número de membros da familia computables.*
- **AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:**

- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 euros (Renda de 2022).

**SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

A *solicitud* (**anexo I e II- modelo ED330B** da orde que regula as axudas) poderá recollerse na secretaría do Centro ou ben cubrila e imprimila en internet na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Xunto coa *solicitud* presentarase *Fotocopia do Libro de Familia onde figuren todos os membros da unidade familiar*. No caso de discapacidade dalgún membro ou situación de violencia de xénero acreditarase documentalmente tal circunstancia. Para casos de divorcio, separación, etc, consultar na secretaría.

**LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN:**

Preferentemente na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal> a través do formulario ED330B-anexos I e II, e opcionalmente na secretaría do centro **entre o 21 de Maio e o 21 de Xuño**, ambos inclusive (**atención ao horario de secretaría exposto na porta e na web do Centro**)

**REFERENCIA LEXISLATIVA:** Orde do 7 de Maio de 2024 (DOGA do 20 de Maio de 2024). **PRESENTARASE A MESMA SOLICITUDE PARA TODOS OS FILLOS E PARA TODAS AS MODALIDADES SE ESTÁN MATRICULADOS NO MESMO CENTRO.**